



ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN E
PENTATLÓN MODERNO
(Santiago de Compostela, 20/01/2017)

Asisten: Óscar J. Suris Regueiro (Presidente), Adrián Vázquez Fernández (Cidade de Lugo Fluvial), Arturo López Lago (C.T. Coruña), José Antonio Formoso Pita (T. Ferrol), José Manuel Iglesias (Dexter Triatlón Compostela), Lorena García Lago (Deportistas), Manuel Angel Pita Pereira (Deportistas), Jaime Ruíz del Ganso (Técnicos), Mónica Flores Ferreiro (Oficiais), Miguel Alejandro Fernández Vázquez (Organizadores); Luís Piña Refojos, Santiago Escudero Pereira e Ánxeles Otero Trigo.

Ábrese a sesión ás 20:39 horas

Antes de comezar os temas da orde do día, o Presidente da a benvinda a todos os presentes e fai a presentación dos membros do Club Dexter Triatlón Compostela: do novo Presidente (José Manuel Iglesias) e do Secretario da entidade (Arturo López Ferrol).

Pregunta se alguén ten algún problema pola asistencia á reunión de Arturo López. Ninguén se opón á mesma.

Orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da Asemblea anterior:

A acta foi enviada a todos os membros da Asemblea polo que se decide que non é precisa a súa lectura.

Apróbase por unanimidade.

2. Adaptación dos Estatutos da Federación á Lei 3/2012 do Deporte de Galicia:

Toma a palabra Óscar José Suris Regueiro (Presidente) para explicar a necesidade de adaptación dos Estatutos da Federación á Lei 3/2012 do Deporte de Galicia: Esta adaptación implica unha serie de engadidos, sobre todo no Réxime económico Financeiro, Réxime disciplinario, Moción de censura do Presidente constructiva,...

Aproveitase a ocasión para facer uns cambios de mero carácter formal, por exemplo, o Artigo 6BIS pasa a ser o 112.

*Acompáñase documento coas modificacións e o novo documento dos Estatutos.

Procédese á votación da adaptación dos Estatutos da Federación:

Votos a favor: 6

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Queda aprobada a adaptación dos mesmos.

*Entran na sala: Lorena García Lago (Deportistas) e Luís Piña Refojos (Xunta Directiva).

3. Varios:

a). Confluencia probas: Clasificadorio Cto. España e Tríatlon popular de Negreira. Solicítase a Arturo Lopez Lago que se poña en contacto co Concello de A Coruña para ver a posibilidade de mudar a data da proba do Clasificadorio do Campionato de España para o 2 de Xullo.

Tamén lle foi solicitado a Miguel Fernández Vázquez (organizador da proba, Tríatlon Popular de Negreira) que negociara co Concello de Negreira a posibilidade de mudar a proba de data.

*Entran na sala: José Antonio Formoso Pita (Triatlón Ferrol), Manuel Angel Pita Pereira (Deportistas) e Jaime Ruíz del Ganso (Técnicos).

b). Mónica Flores (Oficiais): comenta que sería importante tratar de organizar os Campionatos Galegos de Paradauátlon e Paratriatlón. Ver se é posible crealos, cando menos un deles e a posible subvención dos mesmos.

Luíis Piña comenta que hai que revisar o calendario e ver de axustalo con outra proba, ver tamén que circuítos poderían ser aptos.

c). Xosé Manuel Iglesias (Dexter Triatlon Compostela) pregunta pola Final de Duatlon Escolar.

Luíis Piña comenta que polo momento está pendente, tanto o lugar como a data, que vimos de ter unha reunión co coordinador de Deporte escolar de Pontevedra na que nos comunicou que só farán a final provincial (aberta da todos os rapaces da provincia). Contamos que o Campionato Galego sexa a comezos de Maio.

Non habendo máis intervencións. Levántase a sesión ás 21:51horas.

Asdo.: Mª de los Ángeles Otero Trigo
Secretaria



Asdo.: Óscar J. Suris Regueiro
Presidente